

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II

Criterios Xerais de Avaliación

- 1. A proba de Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II terá dúas opcións pechadas, A e B.*
- 2. Cada unha das opcións consta de catro exercicios coas seguintes valoracións máximas:*
 - Exercicio 1 (Álgebra): 3 puntos.*
 - Exercicio 2 (Análise): 3 puntos.*
 - Exercicio 3 (Probabilidade e Estatística): 2 puntos.*
 - Exercicio 4: (Probabilidade e Estatística): 2 puntos.*
- 3. A puntuación global de cada exercicio distribúese en fraccións de 0.25 ou 0.50 puntos, dependendo dos pasos intermedios para chegar ao resultado final. Deste xeito, os exercicios parcialmente resoltos ou con resultados incorrectos, poden acadar unha puntuación determinada dependendo do seu desenvolvemento.*
- 4. No caso de que un alumno/a resolva exercicios das dúas opcións, só se avaliarán os exercicios da opción correspondente ao primeiro exercicio que resolva o alumno/a no seu exame.*
- 5. Nas follas do exame deben figurar as operacións e cálculos necesarios para a resolución de cada exercicio. Todas as respostas estarán debidamente xustificadas, xa que se só se achega a solución sen ningún tipo de explicación, terá unha puntuación de cero puntos.*
- 6. Permitirase o uso de instrumentos de debuxo e de calculadoras científicas que non sexan programables e que non teñan capacidade gráfica.*
- 7. Xunto coa proba facilitarase a táboa da distribución normal.*
- 8. Non se facilitarán fórmulas de ningún tipo.*

9. *No desenvolvemento dos exercicios valoraranse os seguintes aspectos:*

- *A exposición ordenada e razoada e a coherencia da resposta.*
- *A capacidade de análise e de síntese.*
- *A utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática.*
- *A facilidade e precisión na realización do cálculo.*
- *A correcta contextualización das respostas ás preguntas do exercicio.*

10. *Non se valorará o estudo dunha función elemental ou dunha función definida a anacos se para elo constrúe a súa gráfica baseándose soamente nos puntos obtidos a partir dunha táboa de valores (exceptúase o caso das funcións afíns).*